

I SIMPOSIO GALEGO LINGUAS, CULTURAS E ESCOLA

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2009
Faculdade de Filoloxía USC

Comunicación de Arturo Casas (GRULI-USC)

**Literatura comparada e pedagogía intercultural:
en torno da comparación de culturas na escola**

Obxectivos da comunicación 1

- 1. Constatar a atención ao fenómeno da diversidade cultural no ámbito escolar, vinculado con frecuencia co incremento da inmigración e coa aparición de novas coordenadas sociais e económicas, adoito percibidas como **un problema** engadido aos xa existentes para o bo funcionamento da institución escolar.
- 2. Observar algunhas liñas de análise en relación co anterior: perspectivas antropolóxica, sociolóxica e pedagóxica.

Obxectivos da comunicación 2

- En relación co segundo obxectivo, prestaremos atención tamén ao que **o novo comparatismo** está en condicións de achegar:
 - Avance cara a unha relación intercultural liberada da **estigmatización** das culturas de orixe da poboación *outra* ou inmigrada.
 - Cuestionamento da presunta autonomía e superioridade da cultura de acollida.
 - Reconsideración do par identidade – alteridade.

Escenarios de aplicación 1

- A que ámbitos xeoculturais nos imos referir aquí?
- Talvez ás sociedades cun grao recoñecido de **multiculturalidade** e de **multilingüismo** (países como India, Canadá, Sudáfrica, algúns estados alemáns ou cidades como Barcelona ou Londres, por exemplo)?
- **Si, pero non só.**

Escenarios de aplicación 2

- A multiculturalidade é un **fenómeno histórico normal**. Éo aínda máis na actualidade.
- A atribución a unha sociedade dada dun carácter de forte cohesión cultural ou de cultura/lingua única implica case sempre abstraerse dunha parte da realidade.

Escenarios de aplicación 3

- Pensar sobre pedagogía intercultural **non debería** presuponer que se asuma a existencia dun **problema social ou escolar**.
- Pensar sobre pedagogía intercultural **non debería** ser asunto exclusivo das sociedades nas que existe unha porcentaxe elevada de inmigrantes sobre o total da poboación.

Escenarios de aplicación 4

- Pensar sobre pedagogía intercultural, nas súas dimensións social e política, **debería** ser unha determinación responsábel normal en calquera sociedade moderna.
- Pensar sobre pedagogía intercultural **debería** ser asunto de todos no ámbito da escola: alumnos/as, profesorado, dirección, consello escolar, persoal de apoio e nais/pais.

Escenarios de aplicación 5

- A necesidade do debate social sobre interculturalidade e pedagogía intercultural é **independente** do fluxo efectivo de inmigración ou da procedencia e dos supostos condicionantes culturais dos inmigrados.
- Malia isto, convén ser conscientes de que as sociedades española e galega **mudaron** notabelmente nos últimos anos.

A inmigración en España 1

- Datos recientes **proporcionados polo** Colectivo Ioé de Intervención Sociológica:
 - 1) España, con **seis millóns de persoas inmigradas** a comezos de 2008, é o décimo país do mundo por número total de inmigrados;
 - 2) en 1981 a porcentaxe de inmigrados era do 1,7% da poboación total, en 2001 do 4,8%, **en 2008 do 13%**;
 - 3) entre 1990 e 2008 España foi o **primeiro país do mundo en incremento relativo do número de inmigrados** e o terceiro en incremento absoluto despois de EUA e Alemaña;
 - 4) no curso 2006-2007 había en España **608.000 estudantes inmigrados**;
 - 5) a incidencia das **actitudes xenófobas** multiplicouse por tres no período 2001-2005, pasando dun 10 a un 30% o sector poboacional con algunha clase de intolerancia respecto dos estranxeiros.

A inmigración en España 2

- A **inmigración** figura no *Barómetro de opinión* do Centro de Investigaciones Sociológicas de xaneiro de 2009 en cuarto lugar na percepción dos problemas existentes en España.
- Sitúase despois do **paro** (sinalado polo 75,3% dos enquisados), a **situación económica** (polo 51,9%) e o **terrorismo** (22,2%).
- O índice porcentual correspondente á inmigración é do 19,3.
- FONTE:
http://www.cis.es/cis/opencm/ES/1_encuestas/estudios/ver.jsp?estudio=9040.

A inmigración en Galiza

- O alumnado estranxeiro representaba no curso 1999-2000 o **0,5%** do total da poboación escolarizada nos centros educativos galegos.
- Esta cifra subiu até o **3,3%** no curso 2006-2007, con forte desequilibrio distribucional entre a escola pública e a escola privada (Santos Rego 2008).
- Quedan lonxe os datos de Goenechea (2001), segundo os cales no inicio do século XXI apenas un de cada catro centros escolares galegos tiña matriculado algún alumno estranxeiro.

O obxectivo 1 fixárase así:

- Constatar a atención ao fenómeno da diversidade cultural no ámbito da escola, con frecuencia vinculado ao incremento da inmigración e á aparición de coordenadas relacionadas (sociais, laborais...), percibidas case sempre como un **problema** engadido aos xa existentes para o bo funcionamento da institución escolar.

Estudios sobre multiculturalismo

- É interesante observarmos a produción científica sobre multiculturalismo en España.
- Destaca neste marco o labor compilatorio e crítico desenvolvido polo [Laboratorio de Estudios Interculturales](#) da Universidad de Granada, cunha perspectiva integradora de diversas disciplinas, basicamente a pedagogía, a socioloxía, a antropoloxía, a psicoloxía e a demografía.

5 campos de estudo

- Nunha publicación recente debida a tres membros do LEI (García Castaño *et al.* 2008) sinálanse cinco campos principais na bibliografía sobre multiculturalismo en España a partir do ano 2000 (cun total de case 300 referencias manexadas):
 - estatísticas sobre presenza e distribución territorial e social da diversidade cultural debida á inmigración,
 - análise de programas de integración do novo alumnado,
 - estudos sobre os modos concretos de operar coas linguas vehiculares da escola e co uso e ensino das linguas iniciais do novo alumnado,
 - investigación sobre a interacción escola-familias,
 - análise multicausal do éxito/fracaso persoal, colectivo e do sistema educativo en xeral en relación cos novos estudantes.

O “problema” da interculturalidade

- A problematización das relacións interculturais por parte da socioloxía, a antropoloxía, a psicoloxía social e a pedagogía adoita orientarse ao tratamento dun *conflicto*, entendido este como proceso dialéctico de adaptación, integración ou asimilación, e pendente en definitiva da súa resolución en tanto proceso.
- Naturalmente, hai moito máis ca isto que se apunta. Con todo, o que aquí se desexa subliñar é a inconveniencia de asociar de modo mecánico interculturalidade e conflito.
- **Interculturalidade ≠ conflito.**

Comparatismo e interculturalidade

- Fronte ao anterior, o propio do **comparatismo tradicional** foi o carácter non problemático da interculturalidade.
- Por que? Os comparatistas tradicionais documentaron e analizaron relacións interculturais no estrato do que se considera “**alta cultura**”. Traballaron con producións literarias e artísticas reclamadas como “monumentos” polas institucións e os **cánones** respectivos.
- A vella comparatística non era proclive a problematizar as relacións entre literaturas, malia ela mesma ser introdutora dunha xerarquización cultural que tiña como contraparte o **elitismo** e a condena á subalternidade das culturas non tidas en conta no estudo comparado das literaturas.

Fases históricas da LC

- En termos xerais, o comparatismo aparece na investigación a comezos do século XIX pola necesidade de contrastar datos provenientes de áreas xeoculturais específicas. Así apareceu por exemplo a Gramática comparada ou tamén o Dereito comparado.
- Existen catro fases na evolución concreta da Literatura comparada. A máis interesante para os propósitos fixados é a última desas fases, na que aínda estamos.

Fases históricas da LC, I e II

- FASE I: No caso dos Estudos literarios unha motivación especial dos primeiros comparatistas foi contrarrestar os “excesos” romántico-nacionalistas, causantes da grande expansión no século XIX da Historia literaria. O típico desa etapa foi analizar o modo no que un escritor influía nun espazo cultural diferente do propio: Goethe en Francia, por exemplo. Prestouse atención ás culturas europeas de forte proxección internacional.
- FASE II: Ecllosionou da man dun fenómeno concreto, o exilio de numerosos filólogos europeos (alemáns, italianos e eslavos, sobre todo) en Estados Unidos e Canadá a partir da II Guerra Mundial. A investigación ampliou o campo de atención anterior ás literaturas periféricas de Europa e concretou un tipo de análise *supranacional*. As relacións, fontes e influencias non perdían peso pero procurouse así mesmo favorecer subdisciplinas novas, como a periodoloxía, a xenoloxía e a tematoloxía, referidas respectivamente ás dimensións non nacionais dos períodos literarios, dos xéneros e formas e dos temas e motivos.

Fases históricas da LC, III

- FASE III: Asíciase coa crise do estruturalismo e coa eclosión de novas formas de hibridación interartística e interdiscursiva, desde o *happening* e a *performance* até a *nouvelle vague*, ou desde o *xiro retórico* das ciencias sociais (polo que o mundo pasa a entenderse como produción teórico-imaxinaria) até a narrativización da filosofía, a historia e outros saberes. Promociónanse dúas novas liñas de traballo en especial, a das teorías inter-artes (relacións novela-cinema...) e a dunha teoría xeral dos discursos que permitise comparar por exemplo como describen ou argumentan o ensaio, o tratado filosófico, a novela e un artigo científico.

Fases históricas da LC, IV

- FASE IV: Conecta cos grandes movementos migratorios en dirección Sur-Norte. Algúns dos seus representantes principais proceden da India, de Sudáfrica e de América Latina. Os obxectos de estudo son a poscolonialidade, a subalternidade, a condición de xénero e a mestizaxe, lidos ante o pano de fondo da globalización, da tradución de culturas e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Substitúese a centralidade da literatura por unha atención á cultura en sentido amplo, entendendo por tal non só a produción elitista en linguas europeas, non só a perfilada como alta cultura.
- Aténdese así a cultura de masas, a realidade multicultural, os estudos de áreas xeoculturais tradicionalmente invisibilizadas..., e procédese auspiciando a colaboración entre disciplinas e correntes teóricas, con forte referencialidade dos Estudos culturais, dos Media Studies e dos Ethnic Studies, por exemplo, pero tamén de correntes feministas e posfeministas e outras.

A longa crise da LC

- A longa crise da comparatística literaria –a súa “morte”, segundo un título célebre de Gayatri Spivak (2003)– correspóndese coa crise do suxeito posmoderno e a das correlativas individualidade e subxectividade, así como cunha revisión profunda do par conceptual identidade – alteridade.
- Relaciónase tamén coa posta en cuestión da inclusión dos individuos en grupos únicos e pechados.

Implicacións pedagóxicas

- O anterior ten proxeccións claras para unha pedagogía intercultural, por canto desestabiliza a idea de adscrición ou pertenza de cada persoa a un colectivo estábel predefinido. As adscricións dos individuos por razón de etnia, confesión relixiosa, lingua, cultura, opción sexual, etc., pasan a ser vistas como marcas identitarias sometidas a **axuste e negociación social**.
- Tamén é relevante a postergación do concepto de **universalidade** que europeos e norteamericanos adoitan atribuír a valores e conceptos en realidade **locais**. Aceptar que incluso a idea de racionalidade ten condicionantes que dificultan a súa postulación como universal podería constituír unha boa vía de acceso ao debate sobre interculturalidade.

3 liñas de traballo

- Centrarémonos a partir deste momento en tres liñas de traballo do novo comparatismo con aplicabilidade na esfera da pedagogía intercultural e no conxunto das prácticas didácticas que interesan ao profesorado e ao alumnado do ensino secundario obrigatorio, moi en especial nas materias humanísticas.
- En todo caso, sería importante a traslación das claves que aquí se van introducir ao marco curricular global.

Imagoloxía 1

- É unha disciplina que analiza a imaxe do “outro”, do diferente. Incorpora asemade unha atención ao propio, porque cando describimos o percibido como diferente estamos tamén formulando e construindo a nosa propia visión do que somos nós, a nosa *autoimaxe*.
- A imagoloxía aplícase fundamentalmente á investigación sobre o xeito no que a literatura e outras artes *representan* eses outros ou *a alteridade* en xeral.
- Exemplos: como está representada a figura do xudeu na literatura española?, cal é a imaxe dos africanos no cinema italiano?

Imagoloxía 2

- A imagoloxía aplícase a unha serie de diferenzas: a étnica, a lingüística, a cultural, a relixiosa, a de xénero... Por esa vía estúdanse os estereotipos e os clichés que funcionan nunha determinada sociedade.
- A literatura é un modo moi eficaz de fixar esas simplificacións do carácter nacional ou da suposta natureza de determinada clase de colectivos. Cumpre, evidentemente, unha función ideolóxica e social.
- A pedagogía intercultural pode incorporar ferramentas útiles da metodoloxía imagolóxica. Veranse tres ideas susceptíbeis de desenvolvemento nas aulas do ensino secundario obrigatorio.

Imagoloxía: proposta 1

- En liña con análises de Daniel Pageaux, traballar coas escollas léxicas ou *palabras-chave* que un xornal administra na súa delimitación da imaxe dun determinado colectivo definido etnicamente (xitanos, marroquíes, subsaharianos, eslavos...).
- Trataríase de elaborar hipóteses de carácter semántico-imagolóxico tras un período de recollida de datos non inferior a tres meses.

Imagoloxía: proposta 2

- Elaborar en grupo glosarios que intenten perfilar identidades colectivas e notas caracterizadoras referidas a espazos xeoculturais próximos (incluso de carácter local, referidos a cidades ou vilas da mesma zona do centro educativo) e pasar despois a cuestionalos con sentido crítico.
- Trataríase neste caso dunha investigación, igualmente durante un trimestre, sobre discursos sociais no marco de convivencia do alumnado.

Imagoloxía: proposta 3

- Seleccionar unha breve serie de filmes adscritos a un xénero definido (*western*, aventuras, exploracións en África ou Asia, histórico...) e tratar de ver como funcionan neles as atribucións identitarias vinculadas coa perspectiva de quen domina o discurso (cómo se autoidentifica e como define ese discurso aos outros; p.e., aos indios no caso do *western*, ou tamén cómo se define ao mestizo).
- Esta análise funcional podería orientarse nun sentido axiolóxico: investigar cales son os valores e disvalores en xogo nesa enunciación.

Estudos poscoloniais e sobre subalternidade 1

- Un segundo bloque de aplicacións sería o derivado dos estudos poscoloniais e sobre a subalternidade, en xeral pendentes dos procesos culturais asociados ás etapas de descolonización e posteriores, con atención particular á nova produción cultural e literaria que neses espazos abrocha, unhas veces na lingua da potencia colonizadora e outras veces na lingua dos colonizados.
- A condición subalterna destes últimos en termos sociais, políticos e culturais supón de seu un ámbito eficaz de reflexión. Algo básico sería determinar a posibilidade de que o subalterno acceda con voz propia ao discurso (social, artístico, literario...).
- Os estudos poscoloniais desenvolvéronse en especial a partir dos anos 80 do pasado século, case sempre por referencia a ámbitos xeoculturais africanos e asiáticos, pero esa liña de traballo aplícase tamén a procesos descolonizadores anteriores, como os derivados do desmembramento de imperios como o portugués ou o español.

Estudos poscoloniais e sobre subalternidade 2

- Con todo, a significación do prefixo *pos-* non é simplemente cronolóxica, por canto implica tamén un esforzo etopolítico por **pensar desde unha razón superadora dos discursos e xustificaci3ns do imperialismo** e de toda imposici3n cultural.
- Vista así, unha teorí3 poscolonial é tamén unha crítica da razón colonizadora ou colonial.
- Indícanse dúas posíbeis aplicacións ao marco dunha pedagogía intercultural.

Estudos poscoloniais e sobre subalternidade: proposta 1

- Análise do discurso atribuído ao colonizado nun corpus de relatos preseleccionado (non máis de seis e todos eles referidos a unha única relación de colonización, por exemplo a francesa no Magreb, ou a portuguesa en Brasil).
- Trataríase de estudar os rexistros “empregados” polos chamados *nativos* ao faceren uso da palabra para se relacionar cos colonizadores ou entre si, a construción desa lingua normalmente inventada polo narrador, os referentes semánticos e pragmáticos vehiculados, a dimensión cultural da expresión promovida e a esfera axiolóxica e ideolóxica asociadas, etc. Tamén o xeito no que se concreta a comprensión entre colonizadores e colonizado, etc.

Estudos poscoloniais e sobre subalternidade: proposta 2

- En relación coas cuestionadas experiencias do programa ELCO (Ensinado da Lingua e Cultura de Orixe) auspiciado pola Unión Europea, concreción de modelos alternativos nos que o propio alumnado reflexione sobre a subalternidade social e sobre a posibilidade de que nos países de acollida de inmigración se active un **interese intercultural efectivo** polas prácticas culturais e literarias dos inmigrados. No caso concreto da escola galega, podería estudarse que clase de elementos da cultura caboverdiana, ou da marroquí, debería coñecer calquera alumno/a con independencia da súa orixe familiar.
- A funcionalidade non residiría só nun acceso a máis información (nun plano etnográfico ou enciclopédico) senón que debería conducir ademais á comprensión das culturas outras como **formas alternativas lexítimas de estar no mundo** e de orientarse nel, contribuíndo dese xeito á conformación dunha **crítica da lóxica colonial e da racionalidade europea ou occidental**.
- En definitiva, suporía aproximarse á superación dunha mirada eurocentrista sobre o mundo.

Estudos culturais comparados 1

- O terceiro bloque conecta cos denominados Estudos Culturais Comparados, dos que nos interesaremos en particular pola orientación sistémica e empírica desenvolvida polo comparatista Steven Tötösy de Zepetnek (2003), a cal representa un intento de poñer en contacto epistémico os métodos comparatistas e os propios de correntes teóricas *poscomparatistas*, como os Estudos culturais, os Estudos de xénero, os Media Studies, a Tradutoloxía e outros.
- A aposta empírico-sistémica esixe atender cuestións como a delimitación dos centros e periferias culturais, e tamén investigar no eido da *baixa cultura*, a cultura de masas, a cultura popular, atendendo a produción, a recepción, a mediación e o posprocesado interartístico e crítico dos produtos culturais e literarios.
- Anótanse un par de propostas susceptíbeis de desenvolvemento pedagóxico.

Estudos culturais comparados: proposta 1

- A partir dalgún fenómeno cultural concreto, que ben podería ser de tipo musical, descripción do que Tötösy de Zepetnek analiza como paradoxo posmoderno da **correlación entre globalización e localización**; en definitiva, unha aproximación á chamada *glocalización*.
- O alumnado, por exemplo centrándose no hip-hop, trataría de entender as dimensións global e local dese fenómeno cultural para de paso interpretar qué sexan as dialécticas centro-periferia culturais, o papel dos mediadores culturais (medios de comunicación, industria cultural, etc.) e tamén a resituación cultural dunha expresión literario-musical nacida como expresión de culturas suburbanas a un espazo de consumo internacional masivo.

Estudos culturais comparados: proposta 2

- Partindo dunha selección de textos traducidos a algunha das linguas vehiculares e en colaboración co profesorado de inglés e/ou francés, traballar o marco da tradución cultural. É dicir: analizar o que representa a tradución non tanto nun plano lingüístico (que tamén) coma na súa dimensión intercultural.
- O alumnado debería cuestionarse o significado de varios aspectos. Entre eles, estes: i) que clase de textos son os que se traducen e por que; ii) que problemas existen á hora de trasladar unha cultura nunha lingua que non é a súa propia; iii) en que modo unha tradución fornece aos seus lectores dos elementos suficientes para entender a cultura de orixe do texto traducido.
- Todo isto con apoio nun corpus limitado de textos. Non máis de catro relatos ou de doce poemas, por exemplo.

Bibliografía recomendada

- Allegro de Magalhães, I., et al. (coords.) (2000). *Literatura e pluralidade cultural. Actas do III Congresso da Associação Portuguesa de Literatura Comparada, 1998*. Lisboa: Colibri.
- Beller, M., e J. Leerssen (eds.) (2007). *Imagology. The Cultural Construction and Literary Representation of National Characters: A Critical Survey*. Amsterdam: Rodopi.
- Colectivo Ioé (2008). “Dimensiones de la inmigración en España. Impactos y desafíos”. *Papeles de relaciones ecosociales y cambio global*: 103, 95-104. Accesíbel en http://www.colectivoioe.org/ficheros_externos/Dimensiones%20de%20la%20inmigracion%20en%20Espana.%20Impactos%20y%20desafios_ART_PAPELES_2008.pdf. Consulta: 23/02/2009.
- Franzé Mudanó, A. (2008). “Diversidad cultural en la escuela. Algunas contribuciones antropológicas”. *Revista de Educación*: 345, 111-132. Accesíbel en http://www.revistaeducacion.mec.es/re345/re345_05.pdf. Consulta: 23/02/2009.
- García Castaño, F.J, e A. Granados Martínez (eds.) (1999). *Lecturas para educación intercultural*. Madrid: Trotta.
- García Castaño, F.J., M. Rubio Gómez e O. Bouachra (2008). “Población inmigrante y escuela en España: un balance de investigación”. *Revista de Educación*: 345, 23-60. Accesíbel en http://www.revistaeducacion.mec.es/re345/re345_02.pdf. Consulta: 23/02/2009.
- Goenechea, C. (2001). “Estudio descriptivo del alumnado extranjero en Galicia”. *Revista Migraciones*: 10, 135-159.

- León Gómez, M. (ed.) (2004). *La literatura en la literatura. Actas del XIV Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada*. Alcalá de Henares: Centro de Estudios Cervantinos. Apartado III: "Literatura e interculturalidad", 305-561.
- Pageaux, D.-H. (1983). *Imagens de Portugal na cultura francesa*. Lisboa. Instituto de Cultura e Língua Portuguesa.
- Santos Rego, M.A. (2008). "A inmigración e a escola en Galicia. Texto e contexto dun proceso". En M.T. Díaz García, I. Mas Álvarez e L. Zas Varela (coords.), *Integración lingüística e inmigración*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 11-29.
- Sevilla, S. (2000). *Crítica, historia y política*. Madrid: Cátedra e Universitat de València.
- Spivak, G.C. (2003). *Death of a Discipline*. Nova York: Columbia University Press.
- Tötösy de Zepetnek, S. (2003). "From Comparative Literature Today Toward Comparative Cultural Studies". En *Comparative Literature and Comparative Cultural Studies*. West Lafayette: Purdue University Press, 235-267.
- Vega, M.J. (2003). *Imperios de papel. Introducción a la crítica postcolonial*. Barcelona: Crítica.